

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A GAIOLA DE CASTRO PARA O PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO EDIFICIO DA ASOCIACIÓN

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de veciños A Gaiola de Castro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de veciños A Gaiola de Castro para o proxecto de mellora da eficiencia enerxética no edificio da Asociación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación de veciños A Gaiola de Castro, é unha organización asociativa e sen ánimo de lucro cuxos fins principais son os seguintes:



- Promover a realización de obras e instalacións de interese xeral para a comunidade e a xestión e administración do funcionamento das mesmas, cando non corresponda por norma legal ou regulamentaria a outros organismos.
- Recuperación e aproveitamento do entorno cultural, arquitectónico e natural.
- A realización e promoción de actividades culturais e recreativas nas súas diversas manifestacións.
- Proporcionar espazos de encontro, creatividade e intercambios aos veciños da localidade.
- Canalizar e facilita-la obtención de recursos para a realización de actividades autoxestionadas pola mocidade.
- Informar á mocidade e en xeral á sociedade sobre as distintas problemáticas xuvenís.
- Colaborar coas Entidades Públicas e Privadas en todas aquelas iniciativas de Promoción Social e Cultural

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar:

Seminarios, Conferencias, Cursos, Exposicións, Xornadas e Certames sobre temas de interese para a comunidade.

- Excursións e visitas a institucións, empresas, explotacións e outras entidades da comarca e doutras zonas territoriais.
- Actividades de lecer e deportivas para a infancia, mocidade e persoas maiores
- Edición de publicacións periódicas.
- Concursos sobre a cultura galega (literarios, periodísticos, gastronómicos, pictóricos...)
- Actos folclóricos e musicais.
- Actividades de recuperación cultural, arquitectónica e natural.
- Turismo rural.



Terceiro.- A edificación obxecto deste proxecto de mellora está situada no Lugar de O Seixo na parroquia Estradense de San Miguel de Castro, con referencia catastral 001102400NH53E0001LE. A parroquia de San Miguel de Castro está no transcurso do Camiño Sanabrés (variante máis usual da Vía da Prata). Trátase dunha gran calzada romana, duns mil quilómetros, que une a península e transcorre por fermosos paraxes naturais xunto a restos patrimoniais de gran valor histórico y artístico. Entra na parroquia polo sudeste, para atravesala transversalmente para saír polo noroeste cara Gundián, para así cruzar a Ponte Ulla.

A edificación ten unha antigüidade aproximada de 80 anos. Ten unha planta rectangular cun pequeno engadido na parte posterior por onde se desenvolve a escaleira de acceso á planta superior. Está construída con estrutura de muros de carga de mampostería e recercados de cantería. A cuberta é a catro augas. A planta baixa da edificación é usada pola Asociación de veciños para levar a cabo as súas actividades e diferentes exposicións. Así mesmo, a planta alta é empregada como sala de reunións e esporadicamente como sala de micro-exposicións.

Nas inmediacións do edificio atópase a capela das Angustias e a antiga escola de San Miguel de Castro empregada tamén con fins culturais.

Cuarto.- A ausencia de ningún tipo de illamento na envolvente da edificación e ausencia de calefacción e ventilación fai insalubre a utilización de certos espazos dentro do mesmo, producíndose numerosas filtracións de auga nas fachadas máis expostas. A carpintería exterior formadas por ventás de dúas follas corredeiras de aluminio presentan perdas, dificultade de apertura e deficientes selados.

Preténdense a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica e das instalacións térmicas, de modo que a cualificación enerxética resultante se aproxime á letra A. Se ben se recomenda unha rehabilitación integral da edificación, o alcance deste proxecto límitase ao ámbito de:

-A envolvente exterior.

-Instalación de calefacción e ventilación, así como as instalacións de fontanería, saneamento e electricidade precisas para ubicar na planta baixa un aseo adaptado.



Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura. Ademais supón a posta en valor do Camiño de Santiago de cara á celebración do próximo Ano Santo Xacobeo, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Por outro lado, a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Neste senso cómpre mellorar os investimentos no turismo rural para manter o rico patrimonio histórico ou, con carácter xeral, xerar infraestruturas básicas que melloren a experiencia turística. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén se contribuirá a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentarase un turismo responsable e sostible.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación de Veciños A Gaiola de Castro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

